

47

elCorreoGallego

CARREIRA PEDESTRE POPULAR DE SANTIAGO



25 DE OUTUBRO

SAÍDA: AVENIDA XOAN XXIII 10.00H ADULTOS / 11.30H ESCOLARES CHEGADA: PRAZA DO OBRADOIRO

INSCRIPCIONES EN: [HTTPS://WWW.ELCORREOGALLEGO.ES/PEDESTRE-DE-SANTIAGO](https://www.elcorreogallego.es/pedestre-de-santiago)

XUNTA
DE GALICIA

CONCELLO DE
SANTIAGO

DEPORTE
GALEGO

Xacobeo
2027

sogama

ayuntamiento de Santiago

aena
Aeroporto de Santiago-Rosalía de Castro
Aeroporto de Santiago-Rosalía de Castro
empresas para el
aeropuerto para el

HYUNDAI
Hypersa

VEOLIA

Coca-Cola


PRENSA
IBÉRICA

Federación Galega
de Atletismo

El Correo Inglés

EXLABESA

GADIS



elCorreoGallego



A 47 Carreira Pedestre Popular de Santiago, organizada por EL CORREO GALLEGO – EPI PRENSA, celebrárase o domingo, día 25 de outubro de 2026, ás 10.00 h da mañá. A proba estará suxeita ó seguinte:

REGULAMENTO XERAL

1. A saída darase na Avenida Xoán XXIII, ás 10.00 horas. A chegada situarase na Praza do Obradoiro. Esta carreira está incluída no calendario oficial da Federación Galega de Atletismo, polo que a participación de atletas estranxeiros e doutras federacións autonómicas se rexerá dacordo ó regulamento da competición da Real Federación Española de Atletismo correspondente á tempada 2026 para probas en ruta de calendario autonómico. Máis información en:

<https://atletismorfea.es/sites/default/files/2024-03/Reglamento%20de%20Competici%C3%B3n.pdf>

2. Os participantes deberán colocarse na zona de saída 15 minutos antes do comezo da proba.

3. O percorrido será de 12 quilómetros e discorrerá a través das seguintes rúas: Avenida Xoán XXIII, Rúa de San Caetano, Avenida do Camiño Francés, Rúa das Fontiñas, Rúa dos Concheiros, Rúa de San Pedro, Porta do Camiño, Rúa de Aller Ulloa, Rúa da Virxe da Cerca, Rúa da Ensinanza, Tránsito da Mercé, Rúa da Fonte de San Antonio, Praza de Galicia, Rúa do Doutor Teixeiro, Praza do Doutor Puente Castro, Rúa da Rosa, Rúa de Santiago de Chile, Pra-

za de Vigo, Avenida de Rosalía de Castro, Avenida da Coruña, Avenida das Ciencias, Avenida do Doutor Novoa Santos, Avenida das Burgas, Avenida de Compostela, Campo do Cruceiro do Galo, Travesía do Cruceiro do Galo, Rúa do Pombal, Rúa das Galeras, Rúa Morón, Rúa das Salvadas, Vista Alegre, Avenida do Burgo, Avenida de Castelao (costa de Vite), Praza da Paz, Rúa da Pastoriza, Rúa Basquiños, Rúa de Santa Clara, San Roque, Rúa da Algalia de Arriba, Praza de Cervantes, Rúa do Preguntoiro, Rúa do Castro, Praza da Universidade, Praza de Mazarelos, Cardenal Payá, Rúa das Orfas, Praza do Toural, Rúa do Vilar, Praza das Praterías, Fonseca e Praza do Obradoiro.

Este percorrido podería ser modificado por causas alleas á organización da carreira, como poden ser obras nalgún tramo. Calquera cambio será comunicado debidamente, ademais da correspondente sinalización no circuito.

4. A clasificación será absoluta e por categorías.

5. A organización contará coa axuda dos organismos oficiais competentes que regularán o tráfico ó longo de todo o percorrido.

6. A carreira estará controlada ó longo de de TODO o percorrido a través dun chip que se entregará a cada corredor incorporado no dorsal, que non se pode dobrar para evitar estropealo e debe ir colocado, en toda a carreira, na parte dianteira da camiseta, de forma visible, sen cortes, nin dobreces, evitando tapalo, sobre todo nos pasos de controis



EXLABESA



de cronometraxe. Aqueles participantes que cheguen á meta sen el, serán descalificados.

7. O percorrido estará sinalizado en cada quilómetro.

8. O CONTROL DA CHEGADA PECHARASE UNHA HORA DESPOIS DE QUE ENTRE EN META O PRIMEIRO ATLETA CLASIFICADO.

9. A carreira estará baixo o control técnico do Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

10. INSCRICIÓNS

O custo da inscrición xeral será de DEZ euros. Este importe farase efectivo no momento de inscribirse. As inscricións realizaranse da forma e nos prazos seguintes:

On-line, dende o mércores 1 de xullo ata o domingo, 18 de outubro, ás 23.59 h, mediante calquera tarxeta, seguindo as instrucións que figuran no seguinte enlace:

<https://www.elcorreogallego.es/pedestre-de-santiago/>

Tamén se poderá formalizar, de forma presencial, dende o xoves 1 de outubro ata o sábado, día 17 de outubro, en horario comercial (10.00 a 22.00 h), na planta de Deportes de El Corte Inglés Santiago (planta baixa), onde se poderá realizar o pago en efectivo ou coa tarxeta de compra de El Corte Inglés. Para evitar tempos prolongados de espera, para anotarse por grupo, admitirase un máximo de 10 corredores por persoa.

Haberá opción de inscribirse das dúas formas anteriores, ata o martes, día 20 de outubro, ás 23.59, pero neste caso a inscrición pasará a ter un coste de QUINCE euros. **NON SE ADMITIRÁN INSCRIPCIONS FORA DESTES PLAZOS.**

NON SE ACEPTARÁN INSCRIPCIONS POR TELÉFONO

Estableceranse caixóns de saída dacordo cos tempos que indiquen os corredores á hora de inscribirse. Na saída, os participantes deberán situarse nos espazos marcados coa mesma cor que leven nos seus dorsais. **NOTA:** para poder elixir caixón de saída deberase formalizar a inscrición obrigatoriamente ata o día 18. Os que se inscriban pasado este prazo recibirán o dorsal correspondente ó último espazo.

Prevía formalización da inscrición nos prazos establecidos, poderanse recoller os dorsais en Deportes de

El Corte Inglés Santiago (planta baixa), o venres 23 de 10.30 a 22.00 horas e o sábado 24 de 10.00 a 22.00 horas. Tamén se poderán recoller o domingo, día 25, dende as 8.15 ata as 9.15 h, na Praza do Obradoiro.

Os datos obrigatorios para inscribirse son: nome, apelidos, nº DNI ou pasaporte, data de nacemento completa, marcar o xénero (masculino ou feminino), nº de licenza federativa e club (so federados), lugar de nacemento, dirección e teléfono. Ademais, haberá que marcar o tempo estimado de finalización da carreira, acorde coas marcas de cada atleta.

O SISTEMA REXEITARÁ AS INSCRIPCIONS ÁS QUE LLES FALTE ALGÚN DESTES DATOS. Tamén se poderá marcar a talla de camiseta, que se respectará ata esgotar existencias.

NOTA: ante calquera problema que xurda durante o proceso de inscrición, poderase enviar un email a: soporte@emesports.es ou chamar ó teléfono 654 285 692, en horario de 10:00 a 15:00 h.

IMPORTANTE: os dorsais, que irán identificados co nome do corredor, son PERSOALS E INTRANSFERIBLES. A non observancia desta norma será motivo de descualificación.

NOTA: Non se realizarán devolucións das cotas no caso de anular a inscrición.

11. Establécense as seguintes categorías; segundo o ano de nacemento:

MULLERES E HOMES:

- JÚNIOR (Sub 20) – PROMESA (Sub 23): Entre 2004 e 2008
- SÉNIOR A: Entre 1996 e 2003
- SÉNIOR B: Entre 1986 e 1995
- MÁSTER A: Entre 1976 e 1985
- MÁSTER B: Entre 1966 e 1975
- MÁSTER C: En 1965 ou antes

12. PREMIOS: Estableceranse os mesmos para homes e para mulleres; serán os seguintes:

12.1 MULLERES E HOMES POR INDIVIDUAL:

- 1.ª e 1ª clasificad@s: Trofeo e 800,00 € cada un
- 2.ª e 2ª clasificad@s: Trofeo e 600,00 € cada un
- 3.ª e 3ª clasificad@s: Trofeo e 400,00 € cada un
- 4.ª e 4ª clasificad@s: 300,00 € cada un
- 5.ª e 5ª clasificad@s: 250,00 € cada un
- Clasificad@s nos postos 6, 7 e 8: 150,00 € cada un
- Trofeo á primeira e primeiro clasificad@s das seis categorías establecidas, exceptuando @s cinco primeiros@s na liña de meta.

12.2 PREMIOS POR EQUIPOS DE EMPRESA

Establécese un premio especial para a participación de equipos de empresa. Para participar por esta modalidade, a inscrición poderase facerse de dous modos:

***INDIVIDUALMENTE:** Cada participante de equipo de empresa inscribirase cubrindo o formulario normal de inscrición, de igual forma que un corredor individual. No recadro do club porá o nome da empresa e deberá marcar o apartado desta categoría.

***COLECTIVAMENTE:** A empresa correrá coa inscrición de todos os seus membros, mínimo 10 participantes. Para iso solicitará unha conta de usuario, enviando un e-mail a soporte@emesports.es a fin de inscribir directamente a todos os seus membros.

Será obrigatorio cumplimentar un formulario donde figuren todos os datos dos corredores: nome e apelidos, data completa de nacemento, DNI, xénero (F=Feminino e M=Masculino).

Recibirá un premio especial o primeiro equipo clasificado, que consistirá nun vale para unha comida para os participantes valorada en 300,00 euros. Para puntuar deberán chegar a meta polo menos 10 participantes e a clasificación establecerase pola orde de chegada. Cada corredor levará os puntos que indique a posición na que entre na liña de meta. O equipo que menos puntos obteña, será o gañador

OS PREMIOS EN METÁLICO ABONARANSE A TRÁVÉS DE TRANSFERENCIA BANCARIA, PARA O QUE TRAS RECOLLER OS TROFEOS (12.00 h aproximadamente) DEBERÁN PASAR POR SECRETARÍA, PARA CUBRIR OBRIGATORIAMENTE UN FORMULARIO CON TODOS OS SEUS DATOS E ENTREGAR COPIA DO DNI OU PASAPORTE ACTUALIZADO.

IMPORTANTE: Non se entregarán os premios en metálico, nin trofeos, a ninguén que non esté presente na entrega oficial, que terá lugar no palco situado na praza do Obradoiro, a partir das 12.00 horas, aproximadamente, do día da carreira.

13. OBSEQUIOS.

Xunto co dorsal, entregarase unha camiseta a TODOS os corredores inscritos, que se recomenda leven posta durante toda a carreira. As tallas das camisetas entregarase respectando as solicitudes, por orden de entrega ata agotar existencias.

14. TODOS os corredores polo mero feito de inscribirse, terán o seguro de accidentes obrigatorio. Por este motivo, NON se admitirá ningún corredor

que non estea inscrito. Os xuíces poderán retirar ós corredores que non leven dorsal. A carreira conta co seguro de Responsabilidade Civil obrigatorio.

15. Os corredores disporán de duchas no Campo de Fútbol de Santa Isabel en Galeras (á altura da pancarta: Faltan 4 km) e no pabellón Lorenzo de La Torre a 50 metros da saída. Haberá servizo de gardarroupa nos dous pavillóns indicados. Para utilizar este servizo, deberá presentarse o dorsal, tanto para deixar como para recoller as pertenzas, que deberán estar nunha bolsa pechada. NON se admitirá nada fóra das bolsas. A organización non se fai responsable do extravío de ningún obxecto.

16. O feito de inscribirse nesta carreira implica a aceptación deste regulamento e dá dereito á organización a poder facer uso das imaxes do evento.

Todos os participantes, polo feito de formalizar a inscrición, dan o seu consentimento para que a organización por si mesma ou mediante terceiras entidades, traten informáticamente e con finalidade exclusivamente aseguradora e deportiva os seus datos de carácter personal, dacordo coas opcións contidas na inscrición.

Dacordo con que establece a Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro, da Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos dixitais, os participantes poderán exercer o seu dereito de acceso a estos ficheiros co obxecto de rectificar ou cancelar de forma parcial ou total o seu contido. Para exercitar este dereito deberá solicitalo nos apartados indicados na ficha de inscrición.

17. As clasificacións publicaranse na páxina web da carreira <https://www.elcorreogallego.es/pedestre-de-santiago/> a partir do domingo, día 25 pola tarde e nas páxinas de deportes de EL CORREO GALLEGO do luns, día 26.

18. Todo o non recollido no presente regulamento resolverase de acordo á normativa da F.G.A., R.F.E.A. e W.A., por esta orde, para probas en ruta.

REGULAMENTO PARA A CATEGORÍA ESCOLAR

1. A 47 Carreira Pedestre Popular de Santiago na súa categoría escolar sairá o día 25 de outubro de 2026 da avenida de Xoán XXIII, ás 11.30 h, e a meta estará na Praza do Obradoiro. Terá un percorrido de sete kilómetros.

2. Os participantes deberán colocarse na zona de saída 15 minutos antes do comezo da proba.

3. Esta categoría está reservada para todos os escolares nados entre 2009 e 2016.

4. O percorrido discorrerá a través das rúas seguintes: Avenida Xoán XXIII, Praza da Paz, Rúa da Pastoriza, Rúa Basquiños, Santa Clara, San Roque, Rodas, Rúa de Aller Ulloa, Rúa da Virxe da Cerca, Rúa da Ensinanza, Tránsito da Mercé, Rúa da Fonte de San Antonio, Praza de Galicia, Rúa da Senra, Campo da Estrela, Porta Faxeira, Avenida de Figueroa, Colexio San Clemente, Pombal, Rúa das Galeras, Rúa Morón, Rúa das Salvadas, Vista Alegre, Avenida do Burgo, Avenida de Castela, Praza da Paz, Rúa da Pastoriza, Rúa Basquiños, Rúa de Santa Clara, San Roque, Rúa da Algalia de Arriba, Praza de Cervantes, Rúa do Preguntoiro, Rúa do Castro, Praza da Universidade, Praza de Mazarelos, Cardenal Payá, Rúa das Orfas, Praza do Toural, Rúa do Vilar, Praza das Praterías, Fonseca e Praza do Obradoiro.

Este percorrido poderá ser modificado por causas alleas á organización da carreira. Calquera cambio será comunicado debidamente, ademais da correspondente sinalización no circuito.

5. IMPORTANTE: Esta carreira será controlada electrónicamente. Cada corredor recibirá, tras a súa inscrición no seu centro escolar, club ou de forma individual, un dorsal que levará un chip incorporado. O dorsal é persoal e intransferible e non se poderá dobrar, cortar, nin plegar en ningún momento, para non danar o chip. Deberase colocar na parte dianteira da camiseta, co número de forma visible durante toda a carreira. Todos os corredores deberán chegar a meta con el posto. Os que así non o fagan serán descalificados.

6. INSCRICIÓN

- Nesta carreira poderán inscribirse por equipo (colexios ou clubs) ou de xeito individual.
- Cada club ou centro de ensinanza poderá inscribir a todos os participantes que desexen. Para puntuar deberán chegar a meta un mínimo de vinte corredores.

O custo da inscrición desta categoría é de CINCO euros, tanto para os que se inscriban de forma individual como a través dun equipo.

Os centros escolares poderán liquidar as cotas de inscrición por transferencia bancaria, ou en efectivo en El Corte Inglés Santiago, presentando a relación

definitiva das inscricións, realizadas previamente on-line, de todos os corredores e dentro dos prazos establecidos. Todos os equipos inscritos deberán ter liquidadas as cuotas, OBRIGATORIAMENTE o sábado, día 17, antes do peche de El Corte Inglés Santiago, do contrario, NON constarán como inscritos e non recibirán os dorsais. NOTA: os equipos (colexios ou clubs) SÓ se poderán inscribir por on-line. Os participantes a través de club ou individual farano nas mesmas formas e tempos que os establecidos na categoría xeneral de adultos.

Todos os escolares que se inscriban en El Corte Inglés Santiago só poderán facelo de forma individual e deberán recoller os seus dorsais como tales. Non se poderán incluír en ningún equipo.

• **MOI IMPORTANTE:** As inscricións por club e por colexios (centros de ensinanza) só se poderán realizar on-line: a través do enlace <https://www.elcorreogallego.es/pedestre-de-santiago/> a partir do 9 de setembro ata o venres, día 16 de outubro, ás 23.59 horas. Cada club, colexio ou centro de ensinanza recibirá un usuario e contrasinal, tras enviar un email a: soporte@emesports.es, para que lles asignen credenciais de acceso.

• **POR INDIVIDUAL:** As inscricións individuais escolares poderán facerse on-line, no mesmo enlace indicado anteriormente, dende o 1 de xullo, ata o domingo, día 18 de outubro, ás 23.59 horas, mediante calquera tarxeta de crédito, a un custo de CINCO euros cada un.

• Tamén se poderán formalizar de forma presencial as inscricións individuais, en Deportes de El Corte Inglés Santiago (planta baixa), nos mesmos prazos e horarios que os establecidos na carreira de adultos. Aquí poderán realizarse o pagamento en efectivo ou coa tarxeta de compra de El Corte Inglés.

• Haberá opción de inscribirse, SÓ DE FORMA INDIVIDUAL, on-line, ata o martes, día 20, ás 23.59 h, ou presencialmente en horario comercial en El Corte Inglés, pero nestas datas a inscrición pasará a ter un custo de OITO euros por corredor.

• **DATOS: TODOS OS EQUIPOS** deberán cumprir obrigatoriamente o formulario cos datos do equipo ou do centro de ensinanza, incluíndo obrigatoriamente o nome e DNI dun responsable. IMPRECINDIBLE introducir os datos de todos os participantes: nome, apelidos, data completa de nacemento e xénero (F=Feminino e M=Masculino) e aqueles que o teñan, tamén o DNI. O sistema rexeitará as inscricións ás que lles falte algún dato obrigatorio. Os centros de

ensinanza deberán acreditar, de forma oficial, que todos os inscritos están matriculados nese centro, do contrario participarán na categoría de CLUB.

IMPORTANTE: ante calquera dúbida ou problema que xurda durante o proceso de inscrición, poderá enviarse un email a: soporte@emesports.es ou chamar ó teléfono 654 285 692, en horario de 10.00 a 15.00 horas.

- Os equipos (colexios ou clubes) poderán recoller os dorsais (que son PERSOAIS E INTRANSFERIBLES) e as camisetas (que se recomenda leven posta durante a carreira) a partir do mércores, día 21, pola mañá en Deportes de El Corte Inglés Santiago (planta baixa).

• NON SE ADMITIRÁN INSCRICIÓN QUE CHEGUEN DESPOIS DESTES PRAZOS.

- Os dorsais dos escolares inscritos de forma individual entregaranse os días 23 y 24 nos mesmos horarios e lugares establecidos no regulamento xeral. O día 25 poderán recollerse na Praza do Obradoiro ata as 10.30 horas.

7. Os premios estableceranse por participación individual e por clubes e colexios. Establécense dúas modalidades por equipos. Recibirán premio o primeiro club de atletismo e os cinco primeiros colexios.

8. Por participación individual establécense as seguintes categorías:

- 1) ALEVÍN FEMININA (Sub 12): Nadas en 2016 e 2015
- 2) ALEVÍN MASCULINA (Sub 12): Nados en 2016 e 2015
- 3) INFANTIL FEMININA (Sub 14): Nadas en 2014 e 2013
- 4) INFANTIL MASCULINA (Sub 14): Nados en 2014 e 2013
- 5) CADETE FEMININA (Sub 16): Nadas en 2012 e 2011
- 6) CADETE MASCULINA (Sub 16): Nados en 2012 e 2011
- 7) XUVENIL FEMININA (Sub 18): Nadas en 2010 e 2009
- 8) XUVENIL MASCULINA (Sub 18): Nados en 2010 e 2009

9. Estableceranse caixóns de saída distribuídos por idades. Os escolares das categorías 5, 6, 7 e 8, cadetes e xuvenís, (nad@s entre 2009 e 2012) colocaranse no primeiro caixón e os das categorías 1,2,3 e 4, alevíns e infantís, no segundo.

10. Para as clasificacións por equipos terase en conta o posto obtido polos primeiros VINTE corredores de cada colexio ou club, independentemente da categoría á que pertencen. Os equipos que non logren que polo menos 20 dos seus corredores entren na meta, NON PUNTUARÁN. O equipo ou centro escolar que menos puntos consiga será o vence-

dor. Asignarase un punto ó primeiro/a clasificado@, 2 ao segund@ e así sucesivamente.

Como novidade, levará un premio especial o equipo (sexa clube ou colexio) que máis corredores teña participando na carreira, excepto o primeiro colexio clasificado, que se establecerá a través dos distintos controis que hai no percorrido.

11. Concederanse os seguintes premios, tanto en categoría individual como por equipos.

- Trofeo ós tres primeiros corredores de cada categoría individual.
- Medalla a TODOS @s participantes que entren en meta co control aberto.
- Trofeo ós cinco primeiros centros de ensino clasificados e premio en metálico de 300,00 euros para o primeiro.
- Trofeo e 200 euros en metálico para o primeiro Club clasificado.
- Recibirá un premio especial dun vale de 200 euros para material deportivo, o equipo (club ou colexio) con maior número de participantes, deste premio exclúese o primeiro equipo clasificado.

Para facer efectivos estes premios por colexios deberán acreditar que os corredores están matriculados nese centro escolar.

12. IMPORTANTE: Todos os trofeos, incluídos os dos clubes e colexios, SÓ se entregarán o día 25 de outubro na Praza do Obradoiro, a partir das 12.00 h. O diñeiro dos premios liquidarase a través de transferencia bancaria, para o que deberán presentar o CIF do colexio ou club e cubrir un formulario que se entregará na secretaría da proba ó finalizar a entrega de trofeos.

ATENCIÓN ÁS CLASIFICACIÓN: NON se entregará ningún premio (trofeos, metálicos ou vales) a ningún que non esté presente na entrega oficial, que terá lugar no palco, a partir das 12.00 horas, aproximadamente, do día da carreira.

13. SERÁ NECESARIO ACREDITAR A IDADE PARA ACCEDER ÓS PREMIOS.

14. O CONTROL DE CHEGADA PECHARASE UNHA HORA DESPOIS DE QUE ENTRE EN META O PRIMEIRO CORREDOR DE CATEGORÍA ESCOLAR CLASIFICADO.

15. A carreira pedestre da categoría escolar, salvo o especificado por este regulamento, rexerase polo xeral da 47 Carreira Pedestre Popular de Santiago.

